



EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

SECCIÓN DE ACTAS E GOBERNO

Anuncio

Resolucións da Presidencia da Excma. Deputación Provincial de Lugo, de datas 6 e 7 de xullo de 2023, sobre nomeamento dos membros da Xunta de Goberno e delegacións para as áreas nos Deputados Provinciais, que textualmente din o seguinte:

“De conformidade co sinalado nos arts. 61.2, 72 e 73 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais; e en virtude das facultades que me confire o art. 58 do Regulamento Orgánico da Corporación, en relación co 35.1 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e art. 104.4 da Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia, **RESOLVO**:

Nomear membros da Xunta de Goberno, ós seguintes Deputados Provinciais:

- D. José Tomé Roca
- D. Efrén Castro Caloto
- Dna. M^a del Pilar García Porto
- D. Pablo Rivera Capón
- Dna. Mayra García Bermúdez
- D. Miguel Fernández Méndez
- D. Xosé María Arias Fernández
- D. Iván Castro Díaz
- D. Daniel García Fernández

O Presidente poderá delegar o exercicio de determinadas atribucións nos membros da Xunta, de conformidade co disposto no art. 35.3 da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local; art. 63.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e 59 do Regulamento Orgánico da Corporación.

Déase conta do presente Decreto ó Pleno da Corporación, notifíquese ós interesados, e procédase á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia”.

“De conformidade co disposto no art. 34.2 e 35.3 da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local en relación co art. 72 do Regulamento Orgánico desta Excma. Deputación de Lugo; 63.3, 64 e 65 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, **RESOLVO**:

Primero.- Conferir delegación para as áreas que se citan a continuación ós seguintes Deputados Provinciais:

- **AREA DE XESTIÓN TERRITORIAL**, D. José Tomé Roca que asumirá directamente as materias de Vías e Obras, Parque Móbil e Unidade de Proxectos.
- **AREA DE RÉXIME INTERIOR, PROMOCIÓN DO TERRITORIO E TURISMO**, D^a. M^a del Pilar García Porto que asumirá directamente as materias de Goberno Interior, Asuntos Xerais, Recursos Humanos, Promoción do Territorio e Turismo.
- **AREA DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E SOCIAL**, D. Pablo Rivera Capón que asumirá directamente as materias de Proxectos Europeos, Innovación e TIC's, Transparencia, Emprego e Benestar Social.
- **AREA DE ECONOMÍA, RECADACIÓN, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS**, D^a. Mayra García Bermúdez.
- **AREA DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ**, D. Iván Castro Díaz
- **ÁREA DE MULLER E IGUALDADE**, D^a. María Sol Morandeira Morandeira.

- **AREA DE COOPERACION E ASISTENCIA AOS CONCELLOS**, D. Xosé María Arias Fernández
- **AREA DE FORMACIÓN, ENSINO, E ECONOMÍA DO COÑECEMENTO**, D. Miguel Fernández Méndez.
- **AREA DE MEDIO AMBIENTE**, D. Carlos López López.
- **AREA DE RECURSOS SOSTIBLES**, D. Francisco Cajoto Caserío, que asumirá directamente as materias de Centro de Recría e Finca Gayoso Castro e Finca Pazo de Tor.
- **AREA DE DEPORTES E ARTESANÍA E DESEÑO**, D. Efrén Castro Caloto.
- **AREA DE MEDIO RURAL E DO MAR E MOCIDADE**, D. Daniel García Fernández.
- **AREA DE CULTURA, PATRIMONIO HISTÓRICO ARTÍSTICO, NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA, E MEMORIA HISTÓRICA**, D^a. Iria Castro Fernández.

Segundo.- As delegacións xerais conferidas esténdense ás facultades de xestionar os servizos en xeral e en especial dirixilos e realizar propostas referentes á materia das áreas delegadas. Serán informados de todo aquilo que, aínda sendo competencia doutra Area, teña relación coa súa.

Así mesmo todos os delegados participarán, sempre que sexa posible, en Comités e Consellos e demais organismos de xestión administrativa cando a competencia destes puidera ter relación ca Area á se refire a delegación.

O Presidente reservase expresamente as facultades de ditar actos administrativos resolutorios, solventando sen máis trámite calquera conflito que se puidera presentar nas delegacións.

Déase conta do presente Decreto ó Pleno da Corporación, notifíquese ós interesados, e procédase á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

“Téndose producido erro material na resolución relativa ao nomeamento de Deputados Delegados das áreas da Deputación Provincial, no que se refire á Delegación da área de Deportes e Artesanía e Deseño, e da Delegación de Cultura, Patrimonio Histórico Artístico, Normalización Lingüística e Memoria Histórica.

Considerando que procede a rectificación do citado erro, de conformidade co disposto no artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e, en uso das atribucións que lle confire o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, esta Presidencia **RESOLVE**, aprobar a corrección do citado erro citado, quedando a resolución redactada do seguinte xeito:

“De conformidade co disposto no art. 34.2 e 35.3 da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local en relación co art. 72 do Regulamento Orgánico desta Excm. Deputación de Lugo; 63.3, 64 e 65 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, **RESOLVO**:

Primero.- Conferir delegación para as áreas que se citan a continuación ós seguintes Deputados Provinciais:

- **AREA DE XESTIÓN TERRITORIAL**, D. José Tomé Roca que asumirá directamente as materias de Vías e Obras, Parque Móbil e Unidade de Proxectos.
- **AREA DE RÉXIME INTERIOR, PROMOCIÓN DO TERRITORIO E TURISMO**, D^a. M^a del Pilar García Porto que asumirá directamente as materias de Goberno Interior, Asuntos Xerais, Recursos Humanos, Promoción do Territorio e Turismo.
- **AREA DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E SOCIAL**, D. Pablo Rivera Capón que asumirá directamente as materias de Proxectos Europeos, Innovación e TIC's, Transparencia, Emprego e Benestar Social.
- **AREA DE ECONOMÍA, RECADACIÓN, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS**, D^a. Mayra García Bermúdez.
- **AREA DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ**, D. Iván Castro Díaz
- **ÁREA DE MULLER E IGUALDADE**, D^a. María Sol Morandeira Morandeira.
- **AREA DE COOPERACION E ASISTENCIA AOS CONCELLOS**, D. Xosé María Arias Fernández
- **AREA DE FORMACIÓN, ENSINO, E ECONOMÍA DO COÑECEMENTO**, D. Miguel Fernández Méndez.
- **AREA DE MEDIO AMBIENTE**, D. Carlos López López.
- **AREA DE RECURSOS SOSTIBLES**, D. Francisco Cajoto Caserío, que asumirá directamente as materias de Centro de Recría e Finca Gayoso Castro e Finca Pazo de Tor.
- **AREA DE DEPORTES, ARTESANÍA E DESEÑO E MEMORIA HISTÓRICA**, D. Efrén Castro Caloto.
- **AREA DE MEDIO RURAL E DO MAR E MOCIDADE**, D. Daniel García Fernández.
- **AREA DE CULTURA, PATRIMONIO HISTÓRICO ARTÍSTICO E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA**, D^a. Iria Castro Fernández.

Segundo.- As delegacións xerais conferidas esténdense ás facultades de xestionar os servizos en xeral e en especial dirixilos e realizar propostas referentes á materia das áreas delegadas. Serán informados de todo aquilo que, aínda sendo competencia doutra Area, teña relación coa súa.

Así mesmo todos os delegados participarán, sempre que sexa posible, en Comités e Consellos e demais organismos de xestión administrativa cando a competencia destes puidera ter relación ca Area á se refire a delegación.

O Presidente reservase expresamente as facultades de ditar actos administrativos resolutorios, solventando sen máis trámite calquera conflito que se puidera presentar nas delegacións.

Déase conta do presente Decreto ó Pleno da Corporación, notifíquese ós interesados, e procédase á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia”.

O que se fai público para os oportunos efectos.

Lugo, a dez de xullo de dous mil vinte e tres.- **O PRESIDENTE**, José Tomé Roca.- **O SECRETARIO**, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 2224

CONCELLOS

BÓVEDA

Anuncio

Mediante Resolución de Alcaldía do 07/07/2023 aprobáronse as bases xerais que rexerán o procedemento para a selección de 5 postos da brigada de prevención e defensa contra incendios forestais durante o ano 2023, como persoal laboral temporal, a xornada completa (100%), cunha duración de 3 meses.

As persoas traballadoras a contratar son as seguintes:

- 1 xefe/a de brigada
- 1 peón ou peoa -conductor/a de vehículo de brigada
- 3 peóns ou peoas forestais

Segundo o disposto na base quinta (5ª), as instancias dirixidas ao Sr. Alcalde, presentaranse no Rexistro Xeral do Concello, en horario de oficina, -09:00 /14:00 horas-, durante o prazo de **seis (6) días naturais**, comenzando a computarse o dito prazo a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Igualmente, as instancias poderán presentarse no Rexistro Electrónico xeral do Concello de Bóveda (Lugo) (<https://concellodeboveda.sedelectronica.es>) ou a través das formas establecidas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

As citadas bases publicaranse na sede electrónica deste Concello <https://concellodeboveda.sedelectronica.es> (taboleiro de anuncios) e no taboleiro de anuncios físico do Concello, podendo consultarse tamén nas oficinas municipais en horario de atención ao público.

Bóveda, 7 de xullo do 2023.- O Alcalde, José Manuel Arias López.

R. 2191

CARBALLEDO

Anuncio

Conforme ao establecido no Real Decreto 2568/1996 de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización Funcionamento e Réxime Xurídico da Entidades Locais, procédese á publicación dos acordos organizativos adoptados polo Pleno do Concello de Carballedo na sesión celebrada con data 27 de xuño de 2023, das Resolucións de Alcaldía de nomeamento de membros da Xunta de Goberno Local, e delegación de competencias de Alcaldía en Xunta de Goberno Local e concelleiros

1.- PERIODICIDADE DAS SESIÓNS ORDINARIAS DO PLENO DA CORPORACIÓN

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Co obxecto de dar o debido cumprimento ao sinalado no artigo 46 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e art. 78.1 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, sobre sinalamento dos días e hora en que haberá que celebrar as súas sesións ordinarias a Corporación en Pleno, esta Alcaldía, dando

cumprimento ó sinalado nos preceptos citados, propón ao Concello en Pleno, a aprobación, se procede, da seguinte proposta:

Primeiro.- O Concello en Pleno celebrará sesións ordinarias no salón de Plenos da Casa Consistorial cada tres meses, concretamente o último xoves dos meses de marzo, xuño, setembro e decembro de cada ano, ás 20:00 horas. Si coincidirá en día festivo, o Pleno celebrárase o inmediato hábil, á mesma hora.

Segundo.- Facultar ó Sr. Alcalde, por propia iniciativa ou a instancia dos portavoces dos Grupos Políticos, a variar xustificadamente a data de celebración da sesión ordinaria, adelantando ou retrasando a hora de celebración.

Carballedo, 21 de xuño de 2023.-O Alcalde,- Julio M. Yebra-Pimentel Blanco.”

Rematada a lectura da proposta, sométese a votación, resultando aprobada por **UNANIMIDADE** dos membros presentes da Corporación Municipal (10 dós 11 concelleiros que a compoñen).

2.- CREACIÓN E COMPOSICIÓN DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ASUNTOS XERAIS E COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

*Ao abeiro do disposto no artigo 20 da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e a Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración de Galicia, no seu artigo 59 e o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, de 28 de novembro de 1986, nos seus artigos 123 e seguintes, estímase procedente a constitución, determinación da composición e funcionamento das Comisións Informativas de carácter permanente deste Concello así como da **COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS**, órgano complementario de existencia preceptiva ao abeiro do disposto no artigo 127 do ROF.*

Á vista do exposto, proponse ao Pleno, a adopción, se procede dos seguintes ACORDOS:

Primeiro. Crear a Comisión Especial de Contas, por vir así esixida legalmente.

Segundo. Á vista das circunstancias concorrentes neste Concello, crear una **COMISIÓN INFORMATIVA, denominada de ASUNTOS XERAIS**, que coñecerá e dictaminará todos aqueles asuntos que non sexan competencia da **ESPECIAL DE CONTAS**, e dos teña que coñecer o Pleno da Corporación Municipal, ou Xunta de Goberno Local no exercicio de competencias delegadas polo Pleno. Igualmente informará aqueles asuntos da competencia propia da Xunta de Goberno Local ou da Alcaldía, que sexan sometidos ao seu coñecemento por expresa decisión de aqueles.

Terceiro. Que de acordo coa normativa aplicable, a composición das Comisións, será de **CINCO CONCELEIROS, mais o Alcalde que ostentará a Presidencia**, formando parte da **mesma 3 concelleiros do grupo do Partido Popular, 1 do grupo do PS de G-PSOE, e 1 do grupo do BNG**, debendo os portavoces dos Grupos Políticos, facilitar, por escrito, os nomes dos compoñentes por eles designados para formar parte das dúas Comisións, pudiendo designarse suplente por cada titular.

En Carballedo, a 21 de xuño de 2023.-O Alcalde,-Asdo. Julio M. Yebra-Pimentel Blanco.”

Rematada a lectura da proposta, sométese a votación, resultando aprobada por **UNANIMIDADE** dos membros presentes da Corporación Municipal (10 dós 11 concelleiros que a compoñen).

3.- CREACIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL E APROBACIÓN DA PROPOSTA DE PERIODICIDADE DAS SESIÓNS ORDINARIAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Ao abeiro do disposto no artigo 20.b) da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, a Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración de Galicia, no seu artigo 59.2, e o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, de 28 de novembro de 1986, no seu artigo 35.2d), a Xunta de Goberno Local, nos municipios con poboación de dereito inferior a cinco mil habitantes, existirá cando así o dispoña o seu Regulamento Orgánico ou así o acorde o Pleno do seu Concello.

Pola súa banda conforme ao disposto no artigo 211 da Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia, a Xunta de Goberno Local celebrará sesións ordinarias coa periodicidade determinada polo pleno da Corporación e sesións extraordinarias cando o decida o Alcalde – Presidente.

Á vista do exposto, aos efectos de completar a estrutura organizativa municipal, e co obxecto de proporcionar una maior participación dos concelleiros do grupo de goberno, ao abeiro do disposto no artigo 38 do RD 2568/1986, proponse ao Pleno, se procede, a aprobación da seguinte Proposta:

Primeiro.- Crear a Xunta de Goberno Local do Concello de Carballedo, integrada polo Alcalde e un número de Concelleiros non superior ó tercio do número legal de membros da corporación, que serán nomeados e separados libremente por aquel.

Segundo.- Asignar á Xunta de Goberno así creada as atribucións de asistir ó Alcalde no exercizo das súas funcións e aquelas competencias que a Alcaldía e/ou o Pleno lle deleguen.

Terceiro.- Establecer que a Xunta de Goberno Local celebrará sesión ordinaria a segunda e a cuarta semana de cada mes, ás 14.00 horas do xoves. No caso de xoves inhábil a Xunta de Goberno Local poderá celebrarse outro día da mesma semana así conveñido por unanimidade dos membros da Xunta.

En Carballedo, a 21 de xuño de 2023.-O Alcalde,-Asdo. Julio M. Yebra-Pimentel Blanco.”

Rematada a lectura da proposta, sométese a votación, resultando aprobada por **UNANIMIDADE** dos membros presentes da Corporación Municipal (10 dós 11 concelleiros que a compoñen).

4.-DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DO PLENO NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

En aplicación do disposto na Lei de Bases do Réxime Local, Lei 7/85 de 2 de abril, artigos 22 e 47, Lei da Administración Local de Galicia, 5/97, artigo 64, propoño ao Pleno,

Delegar en Xunta de Goberno Local as seguintes competencias:

- *O exercicio das accións xudiciais administrativas na defensa da Corporación, en materias de competencia plenaria.*
- *A declaración de lesividade dos actos do Concello.*
- *A concertación de las operacións de crédito cuxa contía acumulada, dentro de cada exercicio económico, exceda do 10 % dos recursos ordinarios do Presupuesto -salvo as de tesourería, que lle corresponderán cando o importe acumulado das operacións vivas en cada momento supere o 15 % dos ingresos correntes liquidados no exercicio anterior- todo elo de conformidade co disposto na Ley Reguladora das Facendas Locais.*
- *As establecidas nos números dous e tres da Ley 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público, por la que se transponen al ordenamiento jurídico español las Directivas del Parlamento Europeo y del Consejo 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febrero de 2014*
- *A aprobación dos proxectos de obras e servicios cando sexa competente para a súa contratación ou concesión, e cando aínda non estean previstos no Orzamento.*
- *Informe sobre actividades sometidas a avaliación de incidencia ambiental*
- *As demais que expresamente lle confiran as Leis, e que sexan delegables de conformidade co disposto na Lexislación vixente.*

En Carballedo, a 21 de xuño de 2023.-O Alcalde,-Asdo. Julio M. Yebra-Pimentel Blanco.”

Rematada a lectura da proposta, sométese a votación, resultando aprobada por **UNANIMIDADE** dos membros presentes da Corporación Municipal (10 dós 11 concelleiros que a compoñen).

5.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA REFERIDAS NO ARTIGO 38.D) DO REAL DECRETO 2568/1986.

Polo Sr. Alcalde procédese a dar lectura ás Resolucións de Alcaldía ditadas con data 21 de xuño de 2023 correspondentes ao nomeamento de Tenentes de Alcalde, designación de membros da Xunta de Goberno Local, e delegación de competencias de Alcaldía nesta última

NOMEAMENTO DE TENENTES DE ALCALDE

“RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

De conformidade co disposto nos artigos 20.1a), 23.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, artigo 62 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia e artigo 46.1 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, do 28 de novembro de 1986, os Tenentes de Alcalde serán libremente nomeados polo Alcalde de entre os membros da Xunta de Goberno Local. De dito nomeamento darase conta ao Pleno, procedéndose a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia,

Á vista do exposto, RESOLVO:

PRIMEIRO.- Nomear Tenentes de Alcalde do Concello de Carballedo aos seguintes Concelleiros membros da Xunta de Goberno Local deste Concello:

- *Primer Tenente de Alcalde: D^a SANDRA FERNÁNDEZ VÁZQUEZ*
- *Segundo Tenente de Alcalde: D FRANCISCO JAVIER RODRIGUEZ GONZALEZ*
- *Terceiro Tenente de Alcalde: D PEGERTO GONZALEZ VAZQUEZ*

Aos Tenentes de Alcalde, en canto tales, corresponderalles substituír a esta Alcaldía na totalidade das súas funcións e por orde do seu nomeamento, nos casos de ausencia, enfermidade ou impedimento que lle imposibilite para o exercicio das súas atribucións, de conformidade co disposto no artigo 47 do Real Decreto 2568/1986.

SEGUNDO.- Da presente resolución darase conta ó Pleno na primeira sesión que celebre, notificándose, ademais, persoalmente aos designados e publicarase no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo de súa efectividade dende o día seguinte da presente resolución.

En Carballedo, a 21 de xuño de 2023.-O Alcalde.- Asdo. Julio M. Yebra-Pimentel Blanco.”

NOMEAMENTO DOS MEMBROS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

“RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

De conformidade co disposto nos artigos 20.1b) e 23 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, artigo 65 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, a Xunta de Goberno Local estará integrada polo Alcalde e un número de concelleiros non superior ó tercio do número legal dos membros da Corporación, nomeados e separados libremente por aquél, dando conta ao Pleno.

Visto o disposto nos artigos 52, 53 e 112.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, do 28 de novembro de 1986, RESOLVO:

PRIMEIRO. Nomear membros da Xunta de Goberno Local, aos seguintes Concelleiros/as:

- D^a SANDRA FERNÁNDEZ VÁZQUEZ
- D FRANCISCO JAVIER RODRIGUEZ GONZALEZ
- D PEGERTO GONZALEZ VAZQUEZ

TERCEIRO. Da presente resolución darase conta ó Pleno na primeira sesión que se celebre, notificándose, ademais, persoalmente aos designados e publicarase no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo de súa efectividade desde o día seguinte ao da presente resolución.

En Carballedo, a 21 de xuño de 2023.-O Alcalde.- Asdo. Julio M. Yebra-Pimentel Blanco”

DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DE ALCALDÍA EN XUNTA DE GOBERNO LOCAL

“RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

De conformidade co disposto no artigo 43 do Real Decreto 2568/1986 e artigo 61 da Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia, o Alcalde poderá delegar as súas atribucións, salvo as referidas nos artigos 21.3 e 71 da Lei 7/1985 a favor da Xunta de Goberno Local, en canto órgano colegiado. As delegacións realzaranse mediante Decreto de Alcaldía con dación de conta ao Pleno na primeira sesión que se celebre e publicación no Boletín Oficial da Provincia, ao abeiro do disposto nos artigos 44 e 45 do RD 2568/1986.

Á vista do exposto, RESOLVO:

PRIMEIRO.- Delegar na Xunta de Goberno Local as seguintes atribucións:

1. O outorgamento de licencias, salvo que as leis sectoriais o atribúan expresamente ao Pleno ou á Xunta de Goberno Local, coa excepción dos permisos referidos a festexos populares e acampadas cuio outorgamento sexa competencia da Alcaldía.
2. A disposición de gasto e aprobación de facturas de máis de 6.000,00 € que correspondan ao desenvolvemento ordinario dos orzamentos municipais, sen prexuízo do establecido nas Bases de Execución dos orzamentos municipais.
3. Aprobación da oferta de emprego público de acordo co Presuposto e a plantilla aprobados polo Pleno, aprobar as bases das probas para a selección do persoal e para os concursos de provisión de postos de traballo.
4. A liquidación de toda clase de tributos e demais ingresos de dereito público locais, naqueles supostos nos que a realización do feito impositivo estea estreita e inequivocamente vinculado coas competencias delegadas na Xunta de Goberno Local
5. A aprobación de instrumentos de planeamento de desenvolvemento do planeamento xeral non expresamente atribuídas ó Pleno, así como a dos instrumentos de xestión urbanística e dos proxectos de urbanización.
6. A aprobación dos proxectos de obras e de servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión e estean previstos no presuposto
7. Salvo a contratación menor, as competencias como órgano de contratación respecto dos contratos de obras, de subministración, de servizos, de concesión de obras, de xestión de servizos, os contratos administrativos especiais, e os contratos privados cando o seu importe non supere o 10 por 100 dos recursos ordinarios do presuposto nin, en calquera caso, a contía de seis millóns de euros, incluídos os de carácter plurianual cando a súa duración non sexa superior a catro anos, eventuales prórrogas incluídas, sempre que o importe acumulado de todas as súas anualidades non supere nin a porcentaxe indicada, referida aos recursos ordinarios do presuposto do primeiro exercicio, nin a contía sinalada.
8. A adxudicación de concesións sobre os bens da entidade local e a adquisición de bens inmoebles e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial cando o orzamento base da licitación, nos termos definidos no artigo 100.1 da Lei 9/2017 de contratos do Sector Público, non supere o 10 por 100 dos recursos ordinarios do presuposto nin o

importe de tres millóns de euros, así como a alienación do patrimonio, cando o seu valor non supere a porcentaxe nin a contía indicadas.

9. Solicitudes de axudas e subvencións.

10. As demais que expresamente lle atribúan a leis e aquelas que a lexislación do Estado ou das comunidades autónomas asignen ao municipio e non atribúa noutros órganos municipais.

SEGUNDO.- Da presente resolución darase conta ó Pleno na primeira sesión que celebre, e publicarase no Boletín Oficial da provincia, sen prexuízo de súa efectividade dende o día seguinte ó da presente resolución.

En Carballedo, a 21 de xuño de 2023.-O Alcalde.- Asdo. Julio M. Yebra-Pimentel Blanco”

6.- REPRESENTACIÓN DO CONCELLO NO CONSELLO ESCOLAR, NO GRUPO DE DESENVOLVEMENTO RURAL, NO CONSORCIO LOCAL DE OS PEARES E NO CONSORCIO DE TURISMO DE A RIBEIRA SACRA

“PROPOSTA DA ALCALDIA

En cumprimento do disposto no artigo 38 do RD 2568/1986, propónse ao Pleno, a aprobación se procede, da seguinte Proposta:

- Designar á concelleira D^a SANDRA FERNÁNDEZ VÁZQUEZ representante do Concello de Carballedo no Consorcio de Turismo de a Ribeira Sacra.
- Designar á concelleira D^a. SANDRA FERNÁNDEZ VÁZQUEZ representante do Concello de Carballedo no Grupo de desenvolvemento rural.
- Designar á concelleira D^a. YOLANDA GONZÁLEZ VÁZQUEZ representante do Concello de Carballedo no Consello Escolar do Colexio Público Xosé Luis Taboada.
- Designar ó concelleiro D PLÁCIDO MANUEL NOVOA GONZALEZ representante do Concello de Carballedo no Consorcio Local de Os Peares.

En Carballedo, a 21 de xuño de 2023.-O Alcalde,-Asdo. Julio M. Yebra-Pimentel Blanco.”

Rematada a lectura da proposta, sométese a votación, resultando aprobada por **UNANIMIDADE** dos membros presentes da Corporación Municipal (10 dós 11 concelleiros que a compoñen).

7.- INDEMNIZACIÓNS, DIETAS E RÉXIME RETRIBUTIVO DOS MEMBROS DA CORPORACIÓN E DOTACIÓN ECONÓMICA DOS GRUPOS POLÍTICOS

“PROPOSTA DA ALCALDIA

Visto o disposto no artigo 75 da Ley 7/85 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, o artigo 255.2 da Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia e o artigo 13 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Visto que de conformidade co establecido no artigo 73.3 da LRBRL o Pleno da corporación, con cargo aos Presupostos anuais desta, poderá asignar aos grupos políticos unha dotación económica que deberá contar cun componente fixo, idéntico para todos os grupos e outro variable, en función do número de membros de cada un deles, dentro dos límites que, se é o caso, se establezan con carácter xeral nas Leis de Presupostos Xerais do Estado e sen que poidan destinarse ao pagamento de remuneracións de persoal de calquera tipo ao servizo da corporación ou á adquisición de bens que poidan constituír activos fixos de carácter patrimonial.

Visto, pola súa banda, sen prexuízo das modificacións que con carácter xeral poidan ser ditadas, que a percepción de indemnizacións por razón do servizo axustarase ao establecido no Real decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.

Vista a Orde EHA/3770/2005, da 1 de decembro, pola que se revisa o importe da indemnización por uso de vehículo particular establecida no Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.

Veño a PROPOÑER, se procede a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Establecer que os membros da corporación que non desenvolvan as súas funcións en réxime de dedicación exclusiva ou dedicación parcial Terán dereito a percibir as seguintes asignacións, nas condicións que se detallan:

ALCALDE:

- 500,00€ (QUINIENTOS EUROS) en concepto de indemnización pola súa concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados municipais dos que forme parte.

CONCELLEIROS:

- 100,00€ (CEN EUROS) en concepto de indemnización pola súa concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados municipais dos que formen parte.

CONDICIÓNS:

- abono das cantidades devengadas farase previa liquidación aprobada pola Alcaldía e conforme á correspondente certificación emitida pola Secretaría Municipal.
- As cantidades acreditadas satisfaranse a título persoal a cada perceptor, previa a correspondente retención en concepto de IRPF, aplicándose a este fin a porcentaxe que cada concelleiro notifique, o que deberá facer no prazo de quince días contados desde a adopción do presente acordo

SEGUNDO.- Establecer unha dedicación parcial equivalente ao 75% da xornada ordinaria cun importe bruto anual de 23.832,58€ (VINTETRÉS MIL OITOCENTOS TRINTA E DOUS EUROS CON CINCUENTA E OITO CÉNTIMOS).

TERCEIRO. Asignar aos Grupos políticos Municipais as seguintes dotacións económicas:

- CEN EUROS MENSUAIS (100,00€) a cada Grupo Político
- CINCUENTA EUROS MENSUAIS (50€) por cada concelleiro integrante dos respectivos Grupos

Cada Grupo Político deberá facilitar á Tesourería Municipal o número de conta bancaria na que se farán os ingresos correspondentes.

CUARTO.- Establecer as seguintes indemnizacións por razón de servizo:

- Dieta por aloxamento: 102,56€
- Dieta por manutención: 53,34€
- Dieta entera: 155,90€

Importe da indemnización a percibir como gasto de viaxe polo uso de vehículo particular en comisión de servizo, prevista no artigo 18.1 do Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo:

- 0,19 euros por quilómetro percorrido polo uso de automóbiles
- 0,078 euros polo de motocicletas.

Documento asinado electrónicamente

En Carballedo.-O Alcalde,-Asdo. Julio M. Yebra-Pimentel Blanco.”

Rematada a lectura da proposta, sométese a votación, resultando aprobada por **UNANIMIDADE** dos membros presentes da Corporación Municipal (10 dós 11 concelleiros que a compoñen) .

8.- DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DE ALCALDÍA EN MATERIA DE DEPORTES E ASIGNACIÓN DE DEDICACIÓN PARCIAL**“RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA**

Visto que con data 17 de xuño de 2023 o Concello de Carballedo celebrou sesión extraordinaria constitutiva da Corporación municipal resultante das eleccións celebradas con data 28 de maio de 2023.

Visto que con data 27 de xuño de 2023 celebrouse o Pleno organizativo previsto no artigo 38 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico, establecéndose, entre outros extremos, unha dedicación parcial a favor de concelleiro/os delegado/os equivalente ao 75% da xornada ordinaria cun importe bruto anual de 23.832,58€ (VINTETRÉS MIL OITOCENTOS TRINTA E DOUS EUROS CON CINCUENTA E OITO CÉNTIMOS).

Considerando que conforme ao disposto no artigo 75.2 da Lei 7/1985 do 2 de abril Reguladora das Bases de Réxime Local os membros das Corporacións locais que desempeñen os seus cargos con dedicación parcial por realizar funcións de presidencia, vicepresidencia ou ostentar delegacións, ou desenvolver responsabilidades que así o requiran, percibirán retribucións polo tempo de dedicación efectiva ás mesmas, nese caso serán igualmente dados de alta no Réxime Xeral da Seguridade Social en tal concepto, asumindo as Corporacións as cotas empresariais que corresponda, salvo o disposto no artigo anterior. Ditas retribucións non poderán superar en ningún caso os límites que se fixen, no seu caso, nas Leis de Orzamentos Xerais do Estado. Nos acordos plenarios de determinación dos cargos que leven aparelada esta dedicación parcial e das retribucións dos mesmos, deberase conter o réxime da dedicación mínima necesaria para a percepción das devanditas retribución.

Visto que na devandita sesión constitutiva da Corporación do Concello de Carballedo tomou posesión do seu cargo de concelleira D^a Alba Pérez Iglesias.

Visto que, polo seu perfil profesional e titulación, a devandita concelleira conta coas aptitudes precisas para asumir as competencias municipais en materia de deportes.

Vistas as competencias conferidas en materia de Réxime Local

RESOLVO

PRIMEIRO.- Delegar a dirección e xestión da área de deportes do Concello de Carballedo na concelleira D^a ALBA PÉREZ IGLESIAS, asumindo a programación, coordinación e execución das políticas municipais en materia deportiva con efectos 1 de xullo de 2023 nos termos seguintes:

- *As delegacións conferidas por medio da presente Resolución á Concelleira Delegada indicada, abarcarán tanto a facultade de dirixir os servizos como a de xestionalos en xeral.*
- *A Alcaldía conservará as facultades que se enumeran no artigo 115 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.*
- *A Alcaldía poderá avocar en calquera momento as competencias delegadas en xeral ou en particular, conforme a lexislación vixente sobre procedemento administrativo común.*
- *destinatario desta delegación non poderá delegar nun terceiro as atribucións ou potestades recibidas por delegación. A presente delegación de atribucións fornecerá efectos desde o día 1 de xullo de 2023, sen prexuízo da súa preceptiva publicación no Boletín Oficial da Comunidade de Madrid.*
- *Da presente delegación darase conta ao Pleno na primeira sesión que este celebre. Corresponderá a esta Alcaldía a interpretación e resolución de todas as cuestións que poidan producirse sobre o contido e aplicación desta Delegación.*
- *A presente delegación requirirá para ser efectiva, a súa aceptación por parte da persoa delegada. Con todo e de conformidade ao establecido no artigo 114 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, entenderase aceptada tacitamente se no termo de tres días hábiles comprendidos desde a notificación desta Resolución, a persoa destinataria da Delegación non fai manifestación expresa #ante esta Alcaldía de que non acepte a delegación.*

SEGUNDO.- *Asignar á concelleira delegada D^a ALBA PÉREZ IGLESIAS unha dedicación parcial equivalente ao 75% da xornada ordinaria cun importe bruto anual de 23.832,58€ (VINTETRÉS MIL OITOCENTOS TRINTA E DOUS EUROS CON CINCUENTA E OITO CÉNTIMOS).*

TERCEIRO.- *Proceder, unha vez aceptada a delegación, a dar de alta á devandita concelleira na Seguridade Social, asumindo as Corporacións as cotas empresariais que corresponda,*

CUARTO.- *Notificar a presente Resolución á interesada.*

Carballedo, 29 de xuño de 2023.-O Alcalde, Julio M. Yebra-Pimentel Blanco".

R. 2192

CASTROVERDE

Anuncio

RESOLUCIÓN DE ATIBUCIÓNS DE ALCALDÍA EN CONCELEIRA POR CELEBRACIÓN DUN CASAMENTO CIVÍL.

Don Xosé María Arias Fernández, Alcalde-Presidente do Concello de Castroverde, resultando que Belén Cruz Fernández e Diego Fernández Castro solicitaron autorización para contraer matrimonio e a delegación para a celebración no Concello de Castroverde, en uso das facultades e competencias que para a organización da Corporación me atribúen o artigo 21 da Lei Reguladora das Bases do Réxime Local, os artigos 41, 43.3, 44 do Regulamento de Organización e Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro) e o artigo 51 e 62 do Código Civil.

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Delegar a competencia de autorización de matrimonio civil para a celebración do matrimonio entre dona Belén Cruz Fernández, titular do DNI número ***4476** en N e don Diego Fernández Castro, titular do DNI número ***4623** en W, a Dona María Del Pilar Ferreiro Villar, Concelleira deste Concello.

SEGUNDO.- Notifíquese persoalmente a presente resolución ó designado, que se considerará tacitamente aceptada, salvo manifestación expresa.

TERCEIRO.- Publicar a presente delegación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, de acordo co disposto nos artigos 43 e 44 do Real Decreto 2.568/86, de 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais

CUARTO.- Dar conta ao Pleno do Concello do presente Decreto na primeira sesión que se celebre.

Castroverde, 7 de xullo de 2023.- O alcalde, Xosé María Arias Fernández.

R. 2193

O INCIO

Anuncio

Por Acordo do Pleno de data 27 de xuño do 2023 aprobouse a fixación da periodicidade das sesións ordinarias do Pleno, en relación á organización da Corporación para o mandato 2023-2027, que se publica en extracto en cumprimento da normativa vixente:

[...]

PRIMEIRO.- O Pleno do Concello do Incio (Lugo), celebrará sesións ordinarias, con carácter periódico, cada dous meses, coincidindo cós meses pares, o último venres de cada bimestre ás 9:15 horas, polo tanto, celebrará sesión ordinaria nos seguintes meses: febreiro, abril, xuño, agosto, outubro e decembro. En caso de coincidir que o último venres de cada mes correspondente para a celebración da/s sesión/s ordinaria/s plenarias fose inhábil, a sesión ordinaria celebraríase o mércores inmediatamente anterior.

SEGUNDO.- Facultar á Alcaldía-Presidencia para todos aqueles actos que sexan necesarios para a execución do presente acordo.

O Incio, 7 de xullo de 2023.- O alcalde, Héctor Manuel Corujo González.

R. 2194

Anuncio

Por Acordo do Pleno de data 27 de xuño do 2023 aprobouse a creación da Xunta de Goberno Local e delegación de competencias do Pleno, en relación á organización da Corporación para o mandato 2023-2027, que se publica en extracto en cumprimento da normativa vixente:

[...]

PRIMEIRO.- Crear a Xunta de Goberno Local que estará presidida por esta Alcaldía e que estará integrada por 3 concelleiros, número non superior a un tercio do número legal de membros da Corporación, nomeando como membros da Xunta de Goberno local ós seguintes Concelleiros:

- D. Ramón Dositeo Mourelo López.
- D^a. María Mayra Freán Freán.
- D. Antonio Rodríguez López.

SEGUNDO.- Delegar de forma expresa na Xunta de Goberno Local as seguintes atribucións do Pleno da Corporación Local:

A.- O exercicio de accións xudiciais e administrativas e a defensa da Corporación en materias de competencia plenaria.

B.- A declaración de lesividade dos actos do Concello.

C.- A concertación das operacións de crédito cuia contía acumulada, dentro de cada exercicio económico, exceda do 10% dos recursos ordinarios do Orzamento –salvo as de Tesourería, que lle corresponderán cando o importe acumulado das operacións vivas en cada momento supere o 15% dos ingresos correntes liquidados no exercicio anterior- todo elo de conformidade co disposto na Lei Reguladora das Facendas Locais.

D.- As contratacións e concesións de toda clase cando seu importe supere o 10% dos recursos ordinarios do Orzamento e, en todo caso, os seis millóns de euros, así como os contratos e concesións plurianuais cando súa duración sexa superior a catro anos, e os plurianuais de menor duración cando o importe acumulado de todas as súas anualidades supere o porcentaxe indicado, referido ós recursos ordinarios do Orzamento do primeiro exercicio e, en todo caso, cando sexa superior á contía sinalada neste apartado.

E.- A aprobación dos proxectos de obras e servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión e cando aínda non estén previstos nos orzamentos.

F.- A adquisición de bens e dereitos cando seu valor supere o 10% dos recursos ordinarios do orzamento e, en todo caso, cando sexa superior a tres millóns de euros, así como os alleamentos patrimoniais nos seguintes supostos:

1º Cando se trate de bens inmobles ou de bens mobles que estean declarados de valor histórico ou artístico e non estean previstas no Orzamento.

2º Cando estando previstas no Orzamento superen os mesmos porcentaxes e contías indicados para as adquisicións de bens.

G.- As demais que expresamente lle confiren as leis.

TERCEIRO.- *As atribucións delegadas deberán exercerse pola Xunta de Goberno Local nos prazos e dentro dos límites desta delegación, sen que sexan susceptibles de ser delegadas en ningún outro órgano.*

CUARTO.- *A Xunta de Goberno Local celebrará sesión constitutiva o vindeiro día 28 de xuño de 2023, ás 09:45 horas, de conformidade co disposto no artigo 112.1 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.*

QUINTO.- *A Xunta de Goberno Local celebrará sesión ordinaria ás 9:45 horas do último venres de cada mes, e en caso de que coincida día inhábil, celebrarase o mércores inmediatamente anterior.*

SEXTO.- *A presente resolución surtirá efecto dende o día da súa data, sen perxuizo da súa preceptiva publicación no Boletín Oficial da Provincia, e notificarase os membros da Xunta de Goberno Local aos efectos do previsto no artigo 114 do ROF.*

SÉTIMO.- *Que queden derogados Decretos, acordos, resolucións e calquera outro acto ou norma municipal que se opoña a este acordo, así como delegacións de competencias na Xunta de Goberno Local non acordadas expresamente polos membros da nova Corporación constituída tralas eleccións municipais en maio de 2023.*

O Incio, 7 de xullo de 2023.- O Alcalde, Héctor Manuel Corujo González.

R. 2195

Anuncio

Por Acordo do Plenode data 27 de xuño do 2023 aprobouse a creación e composición das Comisións Informativas, en relación á organización da Corporación para o mandato 2023-2027, que se publica en extracto en cumprimento da normativa vixente:

[...]

PRIMEIRO.- *Non proceder á creación de Comisións Informativas Permanentes de carácter voluntario.*

SEGUNDO.- *Crear a Comisión Especial de contas, de existencia preceptiva segundo o artigo 116 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e 66 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, a que lle corresponderá unicamente o ditame da Conta Xeral correspondente.*

TERCEIRO.- *En aplicación do artigo 125B) do ROF a Comisión Especial de Contas estará integrada por seis membros, catro do grupo municipal do PP e dous do grupo municipal do PsdG- PSOE, debendo os grupos citados dar a adscripción concreta dos membros, que en representación de cada grupo van formar parte desta Comisión.*

A Presidencia da Comisión Especial de Contas corresponderá ó Sr. Alcalde.

CUARTO.- *Facultar ó Alcalde Presidente para todos aqueles actos que sexan necesarios para a execución do presente acordo e que queden derogados Decretos, acordos, resolucións e calquera outro acto ou norma municipal que se opoña a este acordo.*

O Incio, 7 de xullo de 2023.- O Alcalde, Héctor Manuel Corujo González.

R. 2196

Anuncio

Por Acordo do Plenode data 27 de xuño do 2023 aprobouse as retribucións, indemnizacións e asistencias dos membros da Corporación, en relación á organización da Corporación para o mandato 2023-2027, que se publica en extracto en cumprimento da normativa vixente:

[...]

PRIMEIRO.- *Establecer as seguintes adicacións:*

-Alcalde-Presidente; adicación exclusiva de corenta (40) horas semanais (100%), cunha retribución bruta mensual de dous mil setecentos sete con catorce euros (2.707,14 €), cantidade que será aboada mensualmente coas nóminas municipais, pagadera en catorce mensualidades (doce ordinarias e dúas extraordinarias), e que experimentará os incrementos legais previstos para as retribucións dos funcionarios nas sucesivas leis anuais de orzamentos.

- Primeiro Tenente de Alcalde; adicación parcial de vinte (20) horas semanais (50%), cunha retribución bruta mensual de mil catrocentos trinta e dous con sesenta euros (1.432,60 €), cantidade que será aboada mensualmente coas nóminas municipais, pagadera en catorce mensualidades (doce ordinarias e dúas extraordinarias), e que experimentará os incrementos legais previstos para as retribucións dos funcionarios nas sucesivas leis nuais de orzamentos.

SEGUNDO.- Asistencias:

Tódolos membros da Corporación, agás os que desempeñen o seu cargo con adicación exclusiva ou parcial, percibirán asistencias pola concurrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados dos que formen parte, nas seguintes contías:

A.- Por asistencia a sesións plenarias: sesenta e cinco euros (65,00 €) por sesión.

B.- Por asistencia a sesións da Xunta de Goberno Local: sesenta e cinco euros (65,00 €) por sesión.

TERCEIRO.- Gastos funcionamento grupos municipais:

Para o seu normal funcionamento, os grupos municipais percibirán mensualmente una cantidade de cincuenta euros (50,00 €) por grupo e vinte e cinco euros (25,00 €) máis por cada concelleiro que o integre.

A fin de dar cumprimento ao previsto no terceiro parágrafo do artigo 73.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, se algún concelleiro abandonase o seu grupo político e pasase a ser non adscrito, a súa eventual integración no grupo mixto non suporá o percibo do compoñente relativo ao grupo que se sinalana letra anterior.

CUARTO.- Indemnizacións por desprazamento:

Os membros da Corporación que deban desprazarse por mor das súas funcións fora do Concello en vehículo propio, percibirán unha indemnización por quilómetro na mesma contía que se fixen a lexislación vixente para os funcionarios.

Se a viaxe fose tal que a saída e o regreso se realizase na mesma mañá ou na mesma tarde, percibirán a cantidade de vinte e cinco euros (25,00€) en concepto de dieta.

Se por mor da viaxe realizada tivesen que realizar una ou máis comidas ou durmir fora do Concello, a indemnización a percibir será a mesma, e cos mesmos condicionantes que a que lle sexa aplicable ao Secretario do Concello segundo a lexislación vixente.

No caso de que como consecuencia da viaxe o membro da corporación debese invitar a xantar a alguna autoridade ou funcionario que visite, se lle aboará o importe íntegro da factura que xustifique que deberá presentar acompañada dunha memoria na que se indique claramente o obxecto da viaxe e se identifiquen os eventuais comensais. Neste caso, non se percibirá a indemnización sinalada punto 3.

QUINTO.- Que queden derogados Decretos, acordos, resolucións e calquera outro acto ou norma municipal que se opoña a este acordo, incluíndo bases de execución do orzamento municipal, dando exposición pública por 15 días e entendendo que de non presentarse alegacións quedarán derogadas as bases de execución do orzamento municipal de 2023 que se opoñan a este acordo.

O Incio, 7 de xullo de 2023.- O Alcalde, Héctor Manuel Corujo González.

R. 2197

Anuncio

O 22 de xuño de 2023, ditáronse as seguintes resolucións 2023-0210 e 2023-0211, en relación á organización da Corporación para o mandato 2023-2027, que se publican en extracto en cumprimento da normativa vixente:

[...]

PRIMEIRO.- Delegar de forma expresa na Xunta de Goberno Local as seguintes atribucións desta Alcaldía:

a) Aprobación de facturas e certificacións de obra.

b) Aprobar a oferta de emprego público de acordó co Orzamento e a plantilla aprobados polo Pleno, aprobar as bases das probas para a selección de persoal e para os concursos de provisión de postos de traballo e distribuír as retribucións complementarias que non sexan fixas e periódicas.

c) O outorgamento de licenzas, salvo que as leis sectoriais as atribúan expresamente ó Pleno ou á Xunta de Goberno Local.

d) Sancionar as faltas de desobediencia a súa autoridade ou por infracción das ordenanzas municipais, salvo nos casos en que tal facultade estea atribuída a outros órganos.

e) A adquisición de bens e dereitos cando o seu valor non supere o 10% dos recursos ordinarios do Orzamento nin os 3 millóns de euros, así como a enaxenación do patrimonio que non supere a porcentaxe nin a contía indicados nos seguintes supostos: A de bens inmobles, sempre que estea prevista no Orzamento. A de bens mobles, salvo os declarados de valor histórico ou artístico cuxa enaxenación non se atope prevista no Orzamento.

f) As demais que expresamente lle atribúan as leis ou aquelas que a lexislación do Estado ou das Comunidades Autónomas asignen ó municipio e non atribúan a outros órganos municipais.

SEGUNDO.- Da presente resolución darase coñecemento ó Pleno na primeira sesión que celebre, e publicarase no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo da súa efectividade a partir do día seguinte ó da data, conforme se indica no artigo 44 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, deixando sen efecto calquera resolución ou acordo municipal contrario ao disposto neste decreto.

[...]

PRIMEIRO.- Nomear Tenentes de Alcalde pola orde expresada ós seguintes Concelleiros que serán propostos tamén por esta Alcaldía como membros da Xunta de Goberno Local, cuxa creación será propostaó Pleno: 1º. D. Ramón Dositeo Mourelo López. 2ª. Dª María Mayra Freán Freán. 3º. D. Antonio Rodríguez López.

SEGUNDO.- Corresponde ós nomeados, pola mesma orde, substituírme na totalidade das miñas funcións, nos casos de ausencia, enfermidade ou impedimento que me imposibilite para o exercicio das miñas atribucións; así como nos supostos de vacante ata que tome posesión o novo alcalde.

TERCEIRO.- A presente resolución notificarase ós designados persoalmente, publicándose no Boletín Oficial da Provincia e darase conta ó Pleno na primeira sesión que celebre.

O Incio, 7 de xullo de 2023.- Mándao e asíno o Sr. Alcalde-presidente, D. Héctor Manuel Corujo González.

R. 2198

Anuncio

En relación co acordo acadado polo Pleno desta Corporación na súa sesión ordinaria celebrada o día 18 de maio de 2023, en relación á **DECLARACIÓN DE CONCELEIROS/AS ELECTOS/AS SOBRE CAUSAS DE POSIBLE INCOMPATIBILIDADE E ACTIVIDADES QUE PROPORCIONEN OU POIDAN PROPORCIONAR INGRESOS ECONÓMICOS E DE DECLARACIÓN SOBRE BENS E DEREITOS PATRIMONIAIS**, faise público que con data que se reflicte, foron recibidas as declaracións efectuadas no modelo normalizado polos concelleiros/as electos/as que a continuación se enumeran.-

Estas declaracións foron inscritas no rexistro de intereses do Concello, cos seguintes números de entrada:

CANDIDATO A CONCELLEIRO/A ELECTO	CANDIDATURA	PATRIMONIO INCOMPATIBILIDADE rexistro/data
HECTOR MANUEL CORUJO GONZALEZ	P.P.	0023 do 17.06.2023 e 0023 de 17.06.2023
RAMON DOSITEO MOURELO LOPEZ	P.P.	0016 de 14.06.2023 e 0016 de 14.06.2023
MARIA MAYRA FREÁN FREAN	P.P.	0027 de 17.06.2019 e 0027 de 17.06.2019
ANTONIO RODRIGUEZ LOPEZ	P.P.	0032 de 17.06.2023 e 0032 de 17.06.2023
GORETTI DIAZ ARMESTO	P.P.	0030 de 17.06.2023 e 0030 de 17.06.2023
SANDRA FERNANDEZ GANDROY	P.P.	0031 de 17.06.2023 e 0031 de 17.06.2023
LAURA CELEIRO GARCIA	PS de G – PSOE	0018 de 14.06.2023 e 0018 de 14.06.2023
IRIA LOPEZ RODRIGUEZ	PS de G – PSOE	0020 de 14.06.2023 e 0020 de 14.06.2023

DARIO RODRIGUEZ RODRIGUEZ	PS de G – PSOE	0021 de 16.06.2023 e 0021 de 16.06.2023
---------------------------	----------------	--

O que se fai público en cumprimento do establecido no artigo 75.7 da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do réxime local.-

O Incio, 7 de xullo de 2023.- O alcalde, Héctor Manuel Corujo González.

R. 2199

LÁNCARA

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

O Pleno do Concello en sesión extraordinaria realizada o día 5 de xullo de 2023 aprobou inicialmente a modificación de créditos nº 9/2023, de concesión de créditos extraordinarios e de suplementos de crédito, financiados con cargo ó remanente líquido de tesourería, consonte ó disposto no Texto refundido da lei reguladora das facendas locais por importe de 38.248,93 euros.

O expediente expoñense ao público, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por quince días, durante os cales os interesados poderán examinalos e presentar reclamacións (artigo 170 do TRLFL). O expediente considerárase definitivamente aprobado si durante o citado prazo non se presentan reclamacións.

Láncara, 6 de xullo.- O alcalde, Darío A. Piñeiro López.

R. 2200

Anuncio

O pleno organizativo do concello de Láncara realizado o día 5 de xullo de 2023 adoptou os acordos que se transcriben na súa parte dispositiva:

RÉXIME E PERIODICIDADE DAS SESIÓNS DO PLENO

“Primeiro.- Que o pleno do Concello realice unha sesión ordinaria cada dous meses.

Segundo.- Que as sesións ordinarias do pleno do Concello se realicen o último xoves do mes que corresponda, ás vinte horas e trinta minutos, efectuándose a primeira o último xoves deste mes de xullo.

Se o día sinalado para celebrar a sesión ordinaria fose festivo, a sesión realizarase o día hábil anterior.”

COMPOSICIÓN DA COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS E RÉXIME DE SESIÓNS

“Que a comisión especial de contas teña a seguinte composición, baixo a presidencia do señor alcalde:

- Dous representantes do grupo municipal socialista.
- Un representante do grupo municipal popular.
- Un representante do grupo mixto.

As sesións ordinarias da comisión especial de contas realizaranse con periodicidade anual para o ditame da conta xeral, no día e hora que sinale o presidente.”

COMPOSICIÓN DA COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO E RÉXIME DE SESIÓNS

“Que a comisión informativa de urbanismo teña a seguinte composición, baixo a presidencia do señor alcalde:

- Dous representantes do grupo municipal socialista.
- Un representante do grupo municipal popular.
- Un representante do grupo mixto.

A convocatoria da comisión corresponderá é alcalde para o exame, estudo e informe de todas as propostas relativas a planeamento municipal e xestión urbanística, que deba aprobar o pleno da Corporación.”

DELEGACIÓNS DE ATRIBUCIÓNS DO PLENO NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

“Primeiro.- Delegar na xunta de goberno local a totalidade das atribucións delegables do Pleno, é dicir, agás as enumeradas no artigo 22.4 da lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, nasúavixente redacción e todas as demais competencias que de xeito expreso lle atribúan as leis, que non sexan declaradas

indelegables, e os acordos que no exercicio destas deban ditarse sempre que non esixan os quorums que se establecen nos parágrafo 2º do artigo 47 da Lei 7/1985, do 2 de abril, e nomeadamente:

- a) O exercicio de accións xudiciais e administrativas e a defensa da Corporación en materias de competencia plenaria.*
- b) A declaración de lesividade dos actos do Concello, tanto en materias de competencia plenaria como do alcalde.*
- c) A concertación das operacións de crédito cuxa contía acumulada, dentro de cada exercicio económico, exceda do 10 por cento dos recursos ordinarios do Presupuesto -agás as de tesourería, que lle corresponderán cando o importe acumulado das operacións vivas en cada momento supere o 15 por cento dos ingresos correntes liquidados no exercicio anterior de conformidade co disposto na Lei Reguladora das Facendas Locals.*
- d) A aprobación dos proxectos de obras e servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión, e aínda que non estean previstos nos presupostos.*
- e) A disposición de gastos en materia da súa competencia (art. 166.3 do TRLRFL).*
- f) As competencias que como órgano de contratación lle correspondan consonte o previsto na DA segunda da Lei de contratos do sector público.*
- g) A adquisición de bens e dereitos cando o seu valor supere o 10% dos recursos ordinarios do Presupuesto ou as contías establecidas pola lexislación sectorial de aplicación, así como os alleamentos patrimoniais cando o seu valor supere as mesmas porcentaxes e contías indicados para as adquisicións de bens.*
- h) A autorización ou denegación de compatibilidade do persoal ó servizo da entidade local para un segundo posto ou actividade no sector público, así como a resolución motivada recoñecendo a compatibilidade ou declarando a incompatibilidade do citado persoal para o exercicio de actividades da entidade local, a que se refiren os artigos 9 e 14 da Lei 53/1984, de 26 de decembro, de Incompatibilidades do persoal ó servizo das Administracións Públicas.*
- i) A formulación de peticións de subvención cando a lexislación específica requira acordo plenario.*

Segundo.- A delegación de competencia refírense, en todas as materias delegadas, tanto a competencia para ditar actos de trámite como actos resolutorios sobre o fondo do asunto e que afecten a terceiros. Nestes supostos os acordos adoptados pola xunta de goberno local poñerán fin á vía administrativa.

Terceiro.- O exercicio das competencias delegadas farase de conformidade con canto se estableza na lexislación de aplicación e co réxime xeral previsto no Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.”

INDEMNIZACIÓNS A MEMBROS DA CORPORACIÓN

“1.- Por asistencias a sesións plenarias, os concelleiros que non teñan dedicación exclusiva nin parcial, recibirán por asistencia a sesión unha indemnización de 100,00 € por sesión. Cando as sesións se celebren unha a continuación de outra, devengarase asistencias tan so por unha delas.

2.- Por asistencia á xunta de goberno local, a comisión especial de contas e órganos colexiados dos que formen parte, os concelleiros que non teñan dedicación exclusiva nin parcial, percibirán unha indemnización de 100,00 € por cada asistencia. Cando as sesións se celebren unha a continuación de outra, devengarase asistencias tan so por unha delas.

3.- Os señores concelleiros e o alcalde recibirán axudas de custo por servizos fóra do municipio nas contías que se devenguen con carácter xeral na lexislación sobre indemnizacións por razón do servizo.

Por servizos no termo municipal somentes se devengarán gastos de locomoción por asistencia a sesións e viaxes oficiais, realizado en vehículo propio. Non se devengarán axudas de custo.”

DEDICACIÓNS EXCLUSIVAS E PARCIAIS A MEMBROS DA CORPORACIÓN

“- A alcaldía-presidencia, que será desempeñada por don Darío Antonio Piñeiro López, en réxime de dedicación exclusiva con efectos do 17 de xuño de 2023, retribuirase cun importe bruto anual de 41.000 €, distribuído en 12 pagas ordinarias e 2 extraordinarias nos meses de xuño e decembro. Quen ostente o cargo darase de alta no réxime xeral da Seguridade Social, asumindo o concello a cota empresarial que corresponda. O importe da dedicación actualizarase anualmente conforme ás previsións que nas Leis de Presupostos do Estado se determinen para o persoal da administración pública.

- A concellería delegada de Desenvolvemento Local, Cultura, Deporte, Medio Ambiente, Participación veciñal e Novas Tecnoloxías que será desempeñada por dona Alba María Sangil de Andrés, en réxime de dedicación parcial con efectos do 17 de xuño de 2023, retribuirase cun importe bruto anual de 6.560,00 €, distribuído en 12 pagas ordinarias. Quen ostente o cargo darase de alta no réxime xeral da Seguridade Social, asumindo o concello a cota empresarial que corresponda. A dedicación é de 6 horas semanais, os mércores de 18.00 a 21.00 e os venres de 17.00 a 20.00. Este horario será susceptible de cambios en función das necesidades que poidan xurdir no desenvolvemento da actividade respectando sempre a dedicación mínima. O importe da dedicación actualizarase anualmente conforme ás previsións que nas Leis de Presupostos do Estado se determinen para o persoal da administración pública.”

DOTACIÓNS ECONÓMICAS ÓS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS

“A dotación ós Grupos Políticos, será en función das seguintes contías:

- *Unha cantidade fixa de 50 € mensuais por grupo.*
- *Unha cantidade variable, en función do número de concelleiros, de 30 € mensuais por cada concelleiro.”*

Láncara, 6 de xullo de 2023.- O alcalde, Darío A. Piñeiro López.

R. 2201

Anuncio

O señor alcalde do concello de Láncara adoptou os seguintes acordos de organización do concello:

DELEGACIÓNS DA ALCALDÍA NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

“Primeiro.- Delegar na Xunta de Goberno Local o exercicio das seguintes atribucións:

A) As contratacións e concesións de toda clase de obras, servizos e suministros, dentro dos límites competenciais que ó alcalde-presidente outorga a DA segunda da Lei de contratos do sector público.

B) En materia de gastos:

1.-Aprobación da autorización e disposición de gastos de competencias da alcaldía, excepto:

- *Haberes e retribucións nominativas de persoal municipal de toda clase, de conformidade cos acordos corporativos.*
- *Os gastos derivados das cotizacións á Seguridade Social.*
- *Os servizos telefónicos.*
- *Os intereses e amortizacións de préstamos, gastos por xestión de recibos e comisión bancarias.*
- *Gastos derivados de publicación de anuncios en boletíns oficiais, taxas administrativas e multas e sancións.*

2.- Aprobación do recoñecemento e liquidación de obrigas en tódolos supostos en que a autorización e compromiso do gasto fora delegado na Xunta de Goberno Local.

3.- Acordos relativos a concesión de subvencións dentro dos créditos orzamentarios a tal fin destinados.

4.- Acordos relativos a recoñecemento de trienios ós empregados públicos municipais.

5.- Aprobación das indemnizacións por asistencia a plenos e xunta de goberno local.

C.- En materia de ingresos:

1.- Aprobación de Padróns, Matrículas e Listas cobratorias de Impostos Municipais, Taxas e Prezos Públicos.

2.- Aprobación de liquidacións de ingresos directos derivados de licenzas e autorizacións delegadas na Xunta de Goberno Local.

3.- Os acordos relativos a baixas de suxeitos pasivos.

D) Outorgar licenzas, agás que as Ordenanzas e as Leis sectoriais as atribúa nó Concello Pleno e, concretamente, outorgamento de licenzas urbanísticas de obra, de derrubo e de parcelacións, e autorizacións para ocupación de dominio público local e autorizacións de pasaxe permanente, así como a concesión de autorizacións de entroncamentos de auga e conexións á rede de sumidoiros municipal.

E) Aprobar a oferta de emprego público de acordó co orzamento e o cadro de persoal aprobados polo Pleno.

F) As aprobacións dos instrumentos de planeamento de desenvolvemento do planeamento xeral non expresamente atribuídas ó Pleno, así como as dos instrumentos de xestión urbanística e dos proxectos de urbanización.

G) A aprobación dos proxectos de obras e servizos cando sexa competente para súa contratación.

H) O exercicio das acción xudiciais e administrativas e a defensa do Concello nas materias de competencia da alcaldía.

I) A adquisición de bens e dereitos dentro dos límites establecidos na DA segunda da lei de contratos do sector público.

K) A solicitude de subvencións a outras Administracións Públicas.

Segundo.- En calquera momento esta alcaldía poderá avocar para si, con carácter individualizado, calquera asunto entre os comprendidos na esfera das competencias delegadas e resolver sobre o mesmo.

Independente das competencias que se delegan esta alcaldía poderá someter a consideración da xunta de goberno local como órgano de deliberación, asesoramento e apoio a esta alcaldía calquera asunto da súa competencia que sexa delegable e sometelo a votación.

Terceiro.- Publíquese na súa parte dispositiva no Boletín oficial da Provincia de Lugo e déase conta ó Concello Pleno.”

COMPOSICIÓN E RÉXIME DE SESIÓNS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

“Primeiro.- Que a xunta de goberno local a integren os tenentes de alcalde, don Pablo Rivera Capón, don José Manuel García Aldegunde e dona Emilia Fernández Seijo.

Segundo.- Que as sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local se celebren cada quince días, os mércores da segunda e a cuarta semana de cada mes, ás doce horas.

Sen prexuízo de dita periodicidade, o alcalde poderá modificar o día e a hora de realización das sesións, así como suspendelas pola coincidencia con períodos festivos, e pospoñerou avanzar a súa realización dentro da mesma semana ou a inmediatamente posterior, cando o día de realización sexa inhábil ou concorran circunstancias especiais.

Terceiro.- Déaselle conta ó Pleno do Concello.”

NOMEAMENTO DE CONCELEIROS DELEGADOS

“Realizar as seguintes delegacións:

Primeiro.- No tenente de alcalde, D. Pablo Rivera Capón, delegación de Alcaldía, Relacións Institucionais e Ordenación do Territorio, coa facultade de supervisar as actuacións dos concelleiros con delegacións especiais para cometidos específicos incluídos na súa área de acordo do previsto no parágrafo 5.b) do referido artigo 43.

Segundo.- No tenente de alcalde, D. José Manuel García Aldegunde, delegación de Medio Rural, Servizos Públicos Básicos e Mobilidade, coa facultade de supervisar as actuacións dos concelleiros con delegacións especiais para cometidos específicos incluídos na súa área de acordo do previsto no parágrafo 5.b) do referido artigo 43.

Terceiro.- Na tenente de alcalde, D.ª Emilia Fernández Seijo, delegación de Muller, Igualdade, Servizos Sociais, coa facultade de supervisar as actuacións dos concelleiros con delegacións especiais para cometidos específicos incluídos na súa área de acordo do previsto no parágrafo 5.b) do referido artigo 43.

Cuarto.- Na concelleira, D.ª Alba Mª Sangil de Andrés, delegación de Desenvolvemento Local, Cultura, Deporte, Medio Ambiente, Participación veciñal e Novas Tecnoloxías, coa facultade de supervisar as actuacións dos concelleiros con delegacións especiais para cometidos específicos incluídos na súa área de acordo do previsto no parágrafo 5.b) do referido artigo 43.

Quinto.- De conformidade co previsto no artigo 43.4 do ROF, establécense as seguintes Delegacións Especiais de Servizos, comprendidos nas distintas Áreas:

- *Dentro da área de Desenvolvemento Local, Cultura e Medio Ambiente, deléganse no concelleiro D. Miguel Rodríguez Abad os cometidos en Recursos Sostibles, Espazos naturais, Educación, Infancia, Sanidade, Festas e Feiras.*
- *Dentro da área de Deporte e Participación veciñal, deléganse no concelleiro D. Diego Balboa Amado os cometidos en actividades e instalacións deportivas, de ocio e tempo libre e Xuventude.*

Sexto.- Os/as tenentes de alcalde e concelleiros/as delegados/as terán os seguintes cometidos:

- a) Dirección e xestión inmediata, vixilancia e inspección de todas as áreas que se lle delegan e a dirección do persoal adscrito aos servizos referidos.*
- b) Poner en coñecemento da alcaldía todas as deficiencias que observen nos servizos que lle estean encomendados para que a alcaldía dite as resolucións pertinentes.*
- c) Estudo e propostas de medidas a adoptar para o bo funcionamento dos servizos municipais que se lles delegan.*
- d) Informes con propostas de resolución, si o estima conveniente a alcaldía, xunta de goberno local e pleno, por propia iniciativa ou cando lle sexan solicitados en relación coas áreas municipais que lle son delegadas.*
- e) A cada delegación que se concede mediante esta resolución poderán ser adscritos outros concelleiros pertencentes ós distintos grupos políticos da Corporación, si se estima convinte.*
- f) As delegacións non inclúen as facultades de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros.*

Sétimo.- Publíquese a parte dispositiva desta resolución no Boletín oficial da Provincia de Lugo. Notifíquese ós interesados. Déaselle conta ó Pleno do Concello.”

Láncara, 6 de xullo de 2023.- O alcalde, Darío A. Piñeiro López.

R. 2202

MONFORTE DE LEMOS

Anuncio

NOMEAMENTOS, DELEGACIÓNS E RETRIBUCIÓNS CORPORATIVAS DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS

De acordó co previsto nos art. 44, 46 e 51 do ROF, e nos artigos 75.5 e 104.3 da Lei 7/1985, fanse públicos os seguintes acordos municipais:

A) Nomeamentos corporativos e delegacións especiais. Decreto da Alcaldía do 19 DE XUÑO DO 2023 (NÚMERO 000893/2023)

- Concelleiros/as membros da **Xunta de Goberno Local**, que conformarán dito Órgano xuntocoSr.Alcalde que o preside:

Dna. Gloria Mª Prada Rodríguez.

D. Iban Torres Rodríguez.

Dna. Mª Pilar Espinosa Novelle.

D. José Luis Losada Fernández.

Dna. Marina María Douton Rajo.

- **Tenentes de Alcalde**, que substituirán regulamentariamente ao Sr.Alcalde pola orde en que son designados:

1ª Tenente de Alcalde e coordinadora do equipo de Goberno: Dna. Gloria Mª Prada Rodríguez.

2º Tenente de Alcalde: D. Iban Torres Rodríguez.

- **Delegacións** especiais dos **servizos** que se indican. Fanse constar os servizos que non son obxecto de delegación por ser xestión da propia Alcaldía.
- Alcalde, D.José Tomé Roca: URBANISMO. INFRAESTRUTURAS. PROMOCIÓN ECONÓMICA, COMERCIO E TURISMO.
- 1ª Tte. Alcalde, Dna. Gloria Mª Prada Rodríguez: FACENDA. RÉXIME INTERIOR. SERVIZOS SOCIAIS E DISCAPACIDADE.
- ConcelleiraDna. Mª Pilar Espinosa Novelle: SANIDADE E DROGODEPENDENCIAS, TRÁFICO E MOBILIDADE
- Concelleiro D. José Luis Losada Fernández: MEDIO AMBIENTE, OBRAS, MEDIO RURAL, SERVIZOS (ABASTECIMENTO DE AUGA, SANEAMENTO, RECOLLIDA DE LIXO, LIMPEZA VIARIA, CEMITERIO E ILUMINACIÓN PUBLICA)
- ConcelleiraDna. Marina María Douton Rajo: CULTURA, ENSINO, XUVENTUDE.
- Concelleiro, D. José Manuel Mougán Sobredo: DEPORTES
- Concelleira Dª Regina López Arias: CONSUMO
- Concelleiro, D. Guillermo Díaz Aira: TECNOLOXÍA E INNOVACIÓN
- Concelleira, Dª Margarita López Rodríguez: MULLER E IGUALDADE

B) Delegación de atribucións da Alcaldía na Xunta de Goberno Local. Decreto da Alcaldía do 19 DE XUÑO DO 2023 (NÚMERO 000892/2023)

- A resolución dos expedientes urbanísticos de obras – maiores e menores-,de edificación, de uso do solo e do subsolo, de segregación ou parcelación e de primeira ocupación. O outorgamento das licenzas que neles correspondan.
- A resolución dos expedientes de disciplina urbanística, sancionadores e de reposición da legalidade urbanística. As declaracións de ruína e as ordes de execución.
- A aprobación dos instrumentos de planeamento de desenvolvemento do plan xeral non atribuída expresamente ao Pleno, así como a dos instrumentos de xestión urbanística e dos proxectos de urbanización.
- A resolución dos expedientes de actividades e de apertura de establecementos.

- As autorizacións en dominio público e de utilización de instalación ou bens municipais, agás as urxentes cuxa resolución non se poida demorar ata a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local. As licenzas: de vaos, entradas por beirarrúas e reservas de vía pública; de taxis e vehículos de aluguer; de animais perigosos.
- As competencias como órgano de contratación respecto dos contratos de obras, de subministración, de servizos, de xestión de servizos públicos, dos contratos administrativos especiais e dos contratos privados, cando o seu importe non supere o 10 por 100 dos recursos ordinarios do orzamento nin, en calquera caso, a contía de seis millóns de euros, incluídos os de carácter plurianual cando a súa duración non sexa superior a catro anos sempre que o importe acumulado de todas as súas anualidades non supere nin a porcentaxe indicada, referida aos recursos ordinarios do orzamento do primeiro exercicio, nin a contía sinalada.
- A adxudicación de concesións sobre os bens municipais e a adquisición de bens inmoebles e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial cando o seu valor non supere o 10 por 100 dos recursos ordinarios do orzamento nin o importe de tres millóns de euros, así como o alleamento do patrimonio, cando o seu valor non supere a porcentaxe nin a contía indicados.
- A aprobación de proxectos de obras e servizos no marco das competencias para contratación e concesión que quedan indicadas, que estean previstos no orzamento.
- A resolución dos expedientes de responsabilidade patrimonial que se interpoñan contra ou Concello.
- A resolución de expedientes sancionadores.
- Os convenios con outras Administracións Públicas, que non correspondan ao Pleno.
- A aprobación de liquidacións tributarias, de prezos públicos e de calquera ingreso do Concello, tanto individuais como colectivas (padróns), modificacións e aprobación padróns.
- A resolución de expedientes de devolución de ingresos indebidos por anulación de liquidacións.
- A resolución de expedientes de bonificacións e exencións tributarias, que non correspondan ao Pleno.
- A aprobación de gastos e facturas e de propostas de gasto.
- A autorización, e a aprobación da xustificación, de pagos a xustificar e de anticipos de caixa fixa.
- A devolución de garantías constituídas en metálico e a cancelación de avais, seguros de crédito e caución e similares.
- A aprobación da oferta de emprego público de acordó co orzamento e o cadro de persoal aprobados polo Pleno, a aprobación das bases das probas para a selección do persoal e para os concursos de provisión de postos de traballo e a distribución das retribucións complementarias que non sexan fixas e periódicas.
- A aprobación das Bases para a concesión de subvencións, e a resolución sobre a concesión da subvención.

A delegación efectuada ten efectos dende o 26 de xuño do 2023, inclusive, data prevista para a sesión constitutiva da Xunta de Goberno Local, sen prexuízo das preceptivas publicación no Boletín Oficial da Provincia e dación de conta ao Pleno.

C) Dedicacións de membros da Corporación e asignacións económicas corporativas. Acordo do Pleno do 22 de xuño do 2023 e Decreto da Alcaldía número 000954/2023 de 23 de xuño do 2023.

Fixar o réxime de dedicacións de membros da Corporación do xeito seguinte: 2 dedicacións exclusivas, 1 dedicación exclusiva que poderáse desenvolver en réxime de dedicación parcial de 75%, 50% ou 25 da xornada.

Dedicacións resultantes:

- Dedicación exclusiva con efectos do 17.06.2023, D^a Gloria M^a Prada Rodríguez, 1^o Tenente de Alcalde e Coordinadora do equipo de Goberno, Concelleira de Facenda, Réxime Interior, Servizos Sociais e Discapacidade: 56.000,00 € anuais (14 pagas).
- Dedicación exclusiva con efectos do 17.06.2023, D. Jose Luis Losada Fernández, concelleiro de medio ambiente, obras, medio rural e servizos (abastecemento de auga, saneamento, recollida de lixo, limpeza viaria, cemiterio e iluminación pública), 41.000 € anuais (14 pagas).
- Percepción por asistencias a Órganos colexiados, que lles corresponde aos membros da Corporación sen dedicación exclusiva ou parcial, 150,00 € por sesión do Pleno, da Xunta de Goberno Local, das Comisións Informativas e por reunión da Xunta de Portavoces.
- Indemnizacións polos gastos ocasionados no exercicio do cargo (dietas e locomoción), segundo as normas que se aplican aos funcionarios públicos, con asimilación ao grupo 1 do Real Decreto 462/2002.
- Asignación aos Grupos políticos municipais da seguinte dotación económica:

Compoñentefixo: 300,00 € por mes. Idéntico para tódolos Grupos.

Compoñente variable: 100,00 € por membro do Grupo e mes.

D) Nomeamento de persoal eventual. Acordo do Pleno do 22 de xuño do 2023 e Decreto Alcaldía número 000953/2023 de 23 de xuño do 2023. .

- Encargado do GABINETE DA ALCALDÍA: D. Sergio Aller Estévez.
- Retribución: 31.000,00 € anuais (14 pagas).

Monforte de Lemos, 7 de xullo de 2023.- O alcalde, José Tomé Roca.

R. 2203

MONTERROSO*Anuncio*

“Decreto.- Monterroso, 07/07/2023

Vista a necesidade do nomeamento de representante do Concello nos consellos escolares do IES e do CEIP.

En virtude das competencias que me outorga o artigo 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das bases de réxime local, resolvo:

Nomear representante do Concello nos Consellos Escolares do IES e do CEIP a D^a Jessica Rodríguez Méndez”

Monterroso, 7 de xullo de 2023.- O Alcalde, Eloy Pérez Sindín.

R. 2204

RÁBADE*Anuncio*

Padrón Tributario da Taxa pola prestación do servizo de augas, sumidoiro, canon da auga e recollida de lixo do 3º bimestre do 2023.

Por Decreto da Alcaldía de data 27 de xuño de 2023, aprobouse o Padrón Tributario da Taxa pola prestación do servizo de augas, sumidoiro, canon da auga e lixo, correspondente ó 3º bimestre do 2023, cuxo importe total ascende á cantidade de 104.644,60 (centocatro mil seiscientos corenta e catro con sesenta) euros, así como a apertura dun período de información pública polo prazo dun mes a partir da publicación do presente edicto no B.O.P. durante o cal todos os interesados poderán consultar o seu contido na Secretaría do Concello e presentar as alegacións que estimen oportunas. Queda aberto o prazo de cobro en período voluntario dende o día 23 de xuño do 2023 ao 9 de setembro de 2023.

Contra o acto de aprobación do padrón da taxa prestación do servizo de augas, sumidoiro e lixo e das liquidacións incorporadas a este, poderase formular recurso de reposición ante esta Alcaldía, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de finalización do período de exposición ao público do padrón de contribuíntes ou ben recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, sen que poidan interpoñerse ambos simultaneamente.

Transcorrido o período de pago en período voluntario as débedas serán esixidas polo procedemento de constrinximento a través do servizo provincial de recadación co correspondente recargo de mora e costas que se produzan, no seu caso.

A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante a Xunta Superior de Facenda (Consellería de Facenda) da Xunta de Galicia, no prazo dun mes desde o día seguinte ao remate de exposición pública do padrón.

A falta de pagamento en período voluntario do canon de auga suporá a esixencia directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ao abeiro do establecido nos artigos 102 da Lei Xeral Tributaria e 23 e 24 do RD 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación.

Rábade, 28 de xuño de 2023.- A alcaldesa, Remedios González Cabarcos.

R. 2205

MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA E O RETO DEMORÁFICO**CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL, O.A. COMISARÍA DE AUGAS***Anuncio*

Expediente: A/27/28454

De acuerdo con lo previsto en el artículo 116 del Reglamento de Dominio Público Hidráulico aprobado por Real decreto 849/1986 de 11 de abril (B.O.E. del día 30), se hace público, para general conocimiento, que por resolución de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., de fecha 29 de septiembre de 2022 y como resultado del expediente incoado al efecto, le ha sido otorgada a Josefa López Gallego, la oportuna concesión para aprovechamiento de 0,037 l/s de agua procedente de un pozo sito en la parcela 21 del polígono 284, en el lugar de Santa Marta, parroquia de Vilalvite (San Pedro), en el término municipal de Friol (Lugo) para usos ganaderos.

Lugo, 9 de junio de 2023.- EL JEFE DE SERVICIO, José Miguel Veigas Méndez.

R. 2206

Anuncio

Expediente: **A/27/29779**

De acuerdo con lo previsto en el artículo 116 del Reglamento de Dominio Público Hidráulico aprobado por Real decreto 849/1986 de 11 de abril (B.O.E. del día 30), se hace público, para general conocimiento, que por resolución de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., de fecha 29 de septiembre de 2022 y como resultado del expediente incoado al efecto, le ha sido otorgada a José Fernández Suazo, la oportuna concesión para aprovechamiento de 0,24 l/s de agua procedente del rego de Xermil, en el lugar de A Condomiña, parroquia de San Martín de Neira de Rei (San Pedro), en el término municipal de Baralla (Lugo) para riego de 3,0789 has.

Lugo, 9 de junio de 2023.- EL JEFE DE SERVICIO, José Miguel Veigas Méndez.

R, 2207
